

Estimados nais e pais:

Dende a Asociación de Nais e Pais dos Alumnos (ANPA) do IES de Mos dámosvos a benvida ao novo curso escolar 202 /202 , co obxectivo de animarvos a participar connosco das iniciativas e actividades.

### *¿Qué é a ANPA e qué facemos?*

A ANPA é un grupo de pais, nais e titores co obxectivo común de participar na educación dos nosos fillos/as, coa ilusión de traballar na defensa e mellora da calidade do ensino público. A nosa ANPA está formada non só pola Xunta Directiva, senón por todos os socios. A ANPA achega iniciativas e transmite as inquietudes dos pais ó equipo directivo do centro, serve de vínculo entre os pais e os representantes do Consello Escolar, co obxecto de trasladar aquelas cuestións de interese que xurdan ó longo do curso.

#### **Ademáis a Xunta Directiva da ANPA:**

\*Colabora economicamente con distintas actividades complementarias, propostas polos distintos departamentos, así coma: conferencias (escritores, científicos, antigos alumnos), saídas culturais (museos, obras de teatro), Programa de Mediación, Magosto, saídas formativas (universidade, centros de FP, empresas).

\*Financiamos a compra de material ( biblioteca, aula de música, vinilos, enmarcación traballos de plástica) e calquera outro gasto imprevisto que nos soliciten dende o claustro.

\*Financiamos o acto de graduación de Bacharelato.

\*Fomentamos a lectura coa entrega dun cheque de 6 euros a socios, para comprar un libro polo Nadal.

\*Canalizamos en colaboración co Centro e co Concello, as necesidades de transporte, para que se cumpran as rutas e os horarios.

\*Promovemos a "Aula de Integración" para que alumnos expulsados do centro de maneira temporal, poidan recibir atención dunha psicopedagoga do Concello que xunto coa dirección do IES, daranlles unhas pautas para reconducir a súa conducta.

Por suposto, temos máis temas que traballar, e isto só e posible se nos axudades vós, Moitas destas accións levámolas a cabo tamén grazas á axuda do Concello, tanto coas subvencións coma co apoio do personal do mesmo e por suposto do Centro. Sempre a Anpa está á vosa disposición.

### *¿Cómo pertencer á ANPA ?*

Para pertencer á ANPA só tés que solicitalo a través da folla de inscrición que facilitamos con esta carta, entregándoa a ser posible coa matrícula no IES, e pagar a **cota anual! do socio**, que segue sendo a mesma ca outros anos de **15 € por familia**. O ingreso pódese realizar **por transferencia bancaria** na conta da entidade **ABANCA: ES13 2680 5092 0630 4002 8941**. **IMPORTANTE: indicar o nome e apelidos do alumno e curso, ou ben en efectivo** contactando coa ANPA.

### *¿Qué vantaxes ten ser socio da Anpa?*

Permiteche participar achegando ideas e suxestións, e o teu fillo/a será o primeiro/a beneficiado/a non só na súa formación con todo o que se leve a cabo, senón tamén tendo acceso a subvencións para ás excursións e festas realizadas polo centro, ao bonodesconto de 6 euros para mercar un libro no nadal, etc.. por todo isto animámosvos a que formedes parte dela.

### *¿Cómo contactar coa ANPA?*

Podedes contactar connosco a través do Teléfono 664 673 475, do enderezo electrónico [anpaiesmos@gmail.com](mailto:anpaiesmos@gmail.com), ou da páxina web do instituto, no apartado da Anpa.

Un saúdo dende a Anpa,